



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

ANUNCIO

CONVOCATORIA E BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN (1) SOCORRISTA PARA A UNIDADE DE SOCORRISMO ACUÁTICO QUE PRESTARÁ O SERVIZO DE SOCORRISMO EN PRAIAS, A REALIZAR NA PRAIA AREA MAIOR E CANIDO. (ANO 2025)

Polo presente faise público que pola Resolución da Alcaldía 357/2025, do 26/06/2025, se convocou o procedemento de selección para a contratación dun (1) socorrista para a Unidade de Socorrismo Acuático que prestará o servizo na praia Area Maior e Canido, polo procedemento de oposición e se aprobaron as correspondentes bases, sendo estas últimas as que figuran a continuación.

BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN (1) SOCORRISTA PARA A UNIDADE DE SOCORRISMO ACUÁTICO QUE PRESTARÁ O SERVIZO DE SOCORRISMO EN PRAIAS, A REALIZAR NA PRAIA AREA MAIOR E CANIDO. (ANO 2025)

PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA, MODALIDADE DE CONTRATACIÓN, DURACIÓN DO CONTRATO, XORNADA, RETRIBUCIÓNS E FUNCIÓNS

É obxecto destas bases a regulación da convocatoria e do proceso selectivo para contratación laboral temporal dun (1) socorrista para a Unidade de Socorrismo Acuático que prestará o servizo na praia Area Maior e Canido do Concello de Malpica de Bergantiños.

Desta convocatoria derivarase, ademais, segundo o previsto na base décima, a creación dunha bolsa de emprego (lista de agarda).

Modalidade de contratación: O contrato formalizaranse baixo a modalidade de circunstancias da produción, art. 15.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Duración prevista: Inicio previsto o día 15/07/2025 (non obstante, esta data poderá adiantarse ou atrasarse dependendo do desenvolvemento do presente procedemento selectivo) a finalización será o día 15/09/2025 (o contrato non finalizará nunca máis alá desta data).

Tipo de xornada: A xornada completa (37,5 horas/semana), de luns a domingo, en horario e quendas que se distribuirá segundo as necesidades e organización do servizo, con respecto dos descansos establecidos legalmente.

Retribución: As retribucións brutas mensuais serán de 1.593,65 € (rateo de pagas extras e complementos incluídos).

As funcións a realizar son:

- Prever accidentes ou situacións de emerxencia nas praias realizando a través, tarefas de vixilancia e información.
- Rescatar persoas en casos de accidente ou situación de emerxencia.
- Asistir como primeiro interveniente no caso de accidente ou situación de emerxencia.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

- Velar pola seguridade dos usuarios das praias previndo situacións potencialmente perigosas realizando unha vixilancia permanente e eficiente e intervindo de forma eficaz ante un accidente ou situación de emerxencia.
- Calquera outra función correspondente á categoría profesional e propia das competencias e atribucións desa categoría profesional e/ou que sexa encomendada polo superior xerárquico no referido ámbito.

SEGUNDA. NORMATIVA DE APLICACIÓN

O proceso selectivo rexerá polo establecido nas presentes bases, para o non previsto expresamente nelas será de aplicación a seguinte normativa:

- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de administración local.
- Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración xeral do Estado.
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Restantes normas e disposicións de aplicación.

TERCEIRA. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

1.- Para tomar parte nas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

a) Nacionalidade:

a.1.- Ter a nacionalidade española.

a.2.- Tamén poderán participar no procedemento:



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

a.2.1. Os nacionais dun estado membro da Unión Europea.

a.2.2.- Calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes de español ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

a.2.3.- As persoas incluídas no ámbito de aplicación do tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos na normativa vixente.

a.2.4.- Ao tratarse de postos de persoal laboral, de conformidade co artigo 57.4 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, ademais dos estranxeiros referidos nos parágrafos anteriores, poderán participar no procedemento os estranxeiros con residencia legal en España.

b) Idade:

Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Titulación:

Non se esixe titulación do sistema educativo.

d) Capacidade funcional:

Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto á que se aspira.

As persoas con discapacidade compatible coas tarefas e funcións correspondentes aos postos convocados, poderán concorrer ao proceso selectivo en igualdade que o resto das persoas aspirantes, coas adaptacións, de ser o caso, necesarias para o desenvolvemento do dito proceso de acordo co establecido no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade e na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade. Para estes efectos o tribunal poderá requirir a emisión dun informe ou a colaboración doutros órganos administrativos ou da administración sanitaria.

e) Habilitación:

Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso de persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente e non ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

f) Profesionalidade

Estar inscrito no Rexistro profesional do persoal de socorrismo, información e primeiros auxilios de Galicia (sección: socorristas espazos acuáticos naturais) de conformidade co



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia.

En defecto de inscrición, ter presentada a solicitude de inscrición no citado Rexistro Profesional, sempre, neste último caso, que desde a data de presentación da solicitude non teña transcorrido o prazo de 3 meses de que dispón a Academia Galega de Seguridade Pública para ditar resolución expresa. Neste caso deberase achegar, xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, copia da solicitude de inscrición segundo o modelo normalizado que figura como Anexo V do citado Decreto 152/2021, así como a acreditación da formación mínima para o exercicio da actividade de socorrismo en espazos acuáticos naturais, establecida no art. 4 do referido Decreto.

g) Galego:

Estar en posesión do certificado CELGA 3 (ou superior) ou equivalente, debidamente homologado de acordo coa normativa de aplicación ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias. En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia as persoas aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da lingua galega requirido, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de solicitudes, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega, de conformidade co previsto nas presentes bases e que cualificará á persoa aspirante como apto ou non apto.

2.- Como xa se dixo as persoas aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos nos apartados anteriores o día no que remate o prazo de presentación das solicitudes e, ademais, mantelos durante todo o proceso selectivo e ata o momento, no seu caso, da formalización/firma do contrato de traballo.

CUARTA. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1.- Para tomar parte no procedemento as persoas interesadas deberán solicitar, no prazo e lugares/formas sinalados na presente base, a súa participación mediante a presentación da instancia que se recolle no Anexo I das presentes, dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Malpica de Bergantiños.

A solicitude/instancia (que inclúe a declaración responsable do cumprimento dos requisitos de participación e da veracidade da documentación e información achegada, incluído o compromiso de presentación de xustificación documental no caso de ser requirida) debe ir acompañada dos seguintes documentos:

a) Copia do DNI ou documento identificativo equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade da persoa aspirante.

Ademais, as persoas aspirantes estranxeiras, salvo os nacionais dos estados membros da Unión Europea, deberán acompañar á solicitude copia dos documentos que acrediten as condicións que se alegan no referido ao requisito da nacionalidade.

b) Copia do documento que acredite a inscrición no Rexistro profesional do persoal de socorrismo, información e primeiros auxilios de Galicia (sección: socorristas espazos acuáticos naturais).

En defecto de inscrición, ter presentada a solicitude de inscrición no citado Rexistro Profesional, sempre, neste último caso, que desde a data de presentación da solicitude non teña transcorrido o prazo de 3 meses de que dispón a Academia Galega de Seguridade



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Pública para ditar resolución expresa. Neste caso deberase achegar, xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, copia da solicitude de inscrición segundo o modelo normalizado que figura como Anexo V do citado Decreto 152/2021, así como a acreditación da formación mínima para o exercicio da actividade de socorrismo en espazos acuáticos naturais, establecida no art. 4 do referido Decreto.

c) Declaración responsable do interesado na que faga constar que reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición. Dita declaración se axustará ao modelo que se achega ás presentes bases.

d) A efectos da exención da realización da proba de coñecemento da lingua galega as persoas interesadas deberán achegar coa solicitude copia do certificado CELGA 3 (ou superior) ou equivalente.

A dita acreditación do coñecemento da lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación, con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua Galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos previstos na Orde de 16 de xullo de 2007 e na Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento de lingua galega).

e) No seu caso, relación dos méritos que se aleguen que se acompañará da documentación acreditativa dos mesmos. Os documentos acreditativos deben ser auténticos, estar validados ou cotexados.

f) Xustificante de pagamento da taxa pola participación no proceso selectivo, que de conformidade Ordenanza Fiscal nº 5 “Reguladora da taxa polos documentos que expidan ou de que entendan a Administración ou as Autoridades Locais”, publicada no BOP núm. 61 do 16/03/2005, queda establecida en 9,00 euros.

A taxa será obxecto de autoliquidación. O impreso de autoliquidación poderase obter a través da Oficina Virtual Tributaria do Concello de Malpica de Bergantiños (<https://ovtmalpica.dacoruna.gal/ga/>). Tamén estará ao dispor das persoas aspirantes no departamento de Recadación do Concello de Malpica.

O pago da taxa poderase realizar de xeito telemático na Oficina Virtual Tributaria do Concello de Malpica de Bergantiños (<https://ovtmalpica.dacoruna.gal/ga/>) ou imprimir o documento da autoliquidación e pagala de xeito presencial nas distintas entidades colaboradoras que figuran no devandito impreso (Abanca e Banco Santander) ou mediante tarxeta bancaria na oficina de Recadación do Concello.

Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo, a actividade técnica e/ou administrativa que constitúe o feito imponible desta taxa non se realice, procederá a devolución do importe correspondente. Por tanto, non procederá devolución algunha da taxa nos supostos de exclusión das probas selectivas por causas imputables á persoa interesada.

O ingreso da taxa deberá realizarse obrigatoriamente no prazo de presentación de instancias, non sendo posible a subsanación a través de ingresos posteriores a esta data.

En ningún caso, a presentación e pago da taxa pola participación no proceso selectivo suporá a substitución do trámite de presentación da solicitude de participación no procedemento.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

2.- As persoas aspirantes con discapacidade con grao de minusvalía igual ou superior ao 33 por cento poderán solicitar as necesidades específicas de adaptación e axuste de tempo e medios que consideren oportunas para participar nas probas selectivas en condicións de igualdade. Para ilo farán constar na solicitude o seu tipo de discapacidade e as posibles adaptacións que precisen para participar nas probas selectivas, debendo achegar á solicitude a certificación dos órganos competentes que acredite tal condición.

3.- A documentación a que se refiren os apartados anteriores poderá ser presentada en copia simple do orixinal a excepción dos documentos acreditativos dos méritos alegados que deberán ser auténticos, estar validados ou cotexados. Non obstante, conforme establece o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, o Concello de Malpica de Bergantiños, poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal. Todo ilo sen prexuízo do previsto en relación á documentación a presentar con carácter previo á formalización/firma do contrato de traballo.

En todo caso as persoas aspirantes/interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten, reservándose o concello a facultade de exercer as medidas de esixencia de responsabilidade oportunas no caso de falsidade na documentación achegada.

4.- O prazo para a presentación de instancias, no rexistro xeral do concello (Avd. Emilio González López, núm. 1, 15113- Malpica de Bergantiños), ou de xeito telemático na Sede Electrónica do Concello de Malpica de Bergantiños (<http://sede.malpicadebergantinos.es>) ou por calquera das formas que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, será de **CINCO (5) DÍAS NATURAIS, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.**

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou en Correos e poder realizar o seu seguimento, as persoas solicitantes deberán comunicalo ao concello durante o mesmo prazo de presentación de instancias, remitindo copia da solicitude presentada (Anexo I) xa rexistrada ou co selo de tempo de Correos, ao correo electrónico (correo@malpicadebergantinos.es), indicando como asunto: contratación SOCORRISTA.

QUINTA. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, que se publicará no taboleiro de anuncios electrónico do concello (<https://sede.malpicadebergantinos.es/sxc/gl/informacion/>), indicándose a causa de exclusión en cada caso. De non existir persoas aspirantes excluídas poderase elevar a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución.

As persoas aspirantes excluídas, así como as omitidas na listaxe indicada, disporán dun prazo de **DOUS (2) DÍAS HÁBILES**, a contar dende a publicación no taboleiro de anuncios electrónico do concello, para emendar os defectos que motivasen a súa exclusión ou a súa omisión da listaxe. As persoas aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu dereito a ser incluídas na relación de persoas admitidas, serán consideradas definitivamente excluídas do procedemento.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

As subsanacións/emendas referiranse exclusivamente a documentación existente e con data anterior á finalización do prazo para a presentación de solicitudes. No caso concreto das taxas so caberá a emenda si se ten realizado o ingreso durante o citado prazo de presentación de instancias e non se aportase o xustificante de telo realizado, non sendo admitido a realización do ingreso fóra do prazo inicial de presentación de instancias.

Rematado o prazo de subsanación/emenda, a Alcaldía ditará nova resolución aceptando ou rexeitando as alegacións/emendas presentadas, aprobando a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas se existisen modificacións como consecuencia de reclamacións/alegacións/emendas ou elevando a definitiva a listaxe provisional en caso contrario. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios electrónico do concello (<https://sede.malpicadebergantinos.es/sxc/gl/informacion/>). A publicación desta resolución iniciará o cómputo dos prazos para os efectos de posibles impugnacións ou recursos.

Na resolución pola que se aprobe a listaxe definitiva incluírase a designación nominal do Tribunal Cualificador (de non terse designado nun momento anterior), o lugar, data e hora na que se citará ao mesmo para a súa primeira sesión (constitutiva), así como, o lugar, data e hora do comezo do proceso de selección (concurso) e de realización do primeiro exercicio da fase de oposición. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios electrónico do concello (<https://sede.malpicadebergantinos.es/sxc/gl/informacion/>).

SEXTA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

De conformidade cos artigos 55 e 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, co art. 59 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, co Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establece as regras básicas e os programas mínimos aos que teñen que axustarse os procedementos de selección dos funcionarios na administración local e co artigo 11 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración xeral do Estado, garantirase o principio de imparcialidade e profesionalidade dos membros do tribunal, tendo este unha composición mínima de cinco membros, en aplicación do anterior a composición do tribunal do presente procedemento será a que segue:

- Presidente/a: Un empregado/a público pertencente a un grupo/nivel de clasificación profesional de titulación igual ou superior á esixida para o acceso aos postos convocados.
- Secretario/a: Un empregado/a público pertencente a un grupo/nivel de clasificación profesional de titulación igual ou superior á esixida para o acceso aos postos convocados.
- Vogais (tres): Emplegados/as públicos pertencentes a un grupo/nivel de clasificación profesional de titulación igual ou superior á esixida para o acceso aos postos convocados.

Na composición do tribunal velarase polo cumprimento do principio de especialidade.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos suplentes que serán designados xunto cos titulares. Cada membro suplente actuará en substitución da persoa titular respectiva cando esta non poida asistir á correspondente sesión do órgano de selección.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Os membros do tribunal cualificador noméanse/desígnanse (de non facerse nun momento anterior) na resolución pola que se aproba a listaxe definitiva de persoas admitidas excluídas no proceso selectivo.

Os integrantes do tribunal deberán absterse de formar parte deste, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, notificándoo á autoridade convocante, ou cando tiveran realizado tarefas de preparación a probas selectivas semellantes á aquí convocada nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Os aspirantes, igualmente, poderán recusar aos membros do tribunal de acordo co artigo 24 da mencionada lei.

Para a válida constitución do tribunal terán que estar presentes o/a presidente e o/a secretario/a e dous dos vogais (titulares ou suplentes, indistintamente).

Todos os membros do tribunal terán voz e voto, incluído/a o/a secretario/a.

De conformidade co previsto no artigo 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público o tribunal poderase constituír, convocar, celebrar as súas sesións, adoptar acordos ou remitir actas tanto de forma presencial como a distancia.

Nas sesións que celebre o tribunal a distancia os seus membros poderán atoparse en distintos lugares sempre e cando se asegure por medios electrónicos, considerándose tamén tales os telefónicos e audiovisuais, a identidade dos membros ou persoas que as suplan legalmente, o contido das súas manifestacións, o momento nas que estas se produzan, así como a interactividade e intercomunicación en tempo real entre eles e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión.

O tribunal de selección poderá, se o considera oportuno, valerse de especialistas sobre unha determinada materia que actuarán con voz pero sen voto e que poderán emitir cantos informes ou ditames lles solicite o tribunal, non sendo tales informes de carácter vinculante.

O tribunal poderá valerse de persoal colaborador durante o desenvolvemento material dos exercicios.

Sempre que así o acorde o tribunal no caso de ser necesario a realización de sorteos de desempate entre as persoas aspirantes (puntuación final) ou para a pública apertura dos sobres cos códigos identificativos dos aspirantes ou outro sistema empregado para garantir o anonimato, o/s acto/s se poderá/n realizar/celebrar coa soa presenza de polo menos dous dos membros do tribunal onde un deles obrigatoriamente terá que ser o/a secretario/a.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante o proceso selectivo, así como, adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do procedemento selectivo en todo o que non estea previsto nas presentes.

Os acordos adoptados polo tribunal serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Por cada sesión do tribunal levantarase a correspondente acta.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Os membros do tribunal, así como o persoal colaborador e asesores, terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do tribunal de acordo co disposto no Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

SÉTIMA. O PROCESO SELECTIVO.

SISTEMA DE SELECCIÓN

Concurso-oposición.

NORMAS COMÚNS

1.- Como xa se dixo, na resolución pola que se aprobe a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas no procedemento incluírase a designación nominal do Tribunal Cualificador (de non terse designado nun momento anterior), o lugar, data e hora na que se citará ao mesmo para a súa primeira sesión (constitutiva), así como, o lugar, data e hora do comezo do proceso de selección (concurso) e de realización do primeiro exercicio da fase de oposición. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios electrónico do concello (<https://sede.malpicadebergantinos.es/sxc/gl/informacion/>).

2.- Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do tribunal que algunha das persoas aspirantes non cumpre tódolos requisitos esixidos pola presente convocatoria, previa audiencia a/ao interesada/o, deberá propoñer a súa exclusión á Alcaldía, indicando as inexactitudes ou falsidades formuladas pola persoa aspirante na solicitude de admisión a estas probas selectivas, aos efectos procedentes.

3.- Presentación de reclamacións/alegacións. As persoas aspirantes poderán presentar reclamación/alegacións ante o Tribunal Cualificador cada vez que finalice unha valoración ou proba. Esta circunstancia farase constar no anuncio correspondente. A reclamación unicamente deberá referirse á valoración ou proba que se publique. En todos os casos para a presentación das reclamacións dispónse dun prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio en cuestión no taboleiro de anuncios electrónico.

O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

Este desenvolverase de acordo co seguinte detalle:

1ª.- FASE DE CONCURSO

A fase de concurso será previa á fase de oposición e non ten carácter eliminatorio.

En todo caso a puntuación obtida nesta fase non poderá aplicarse para superar a fase de oposición.

Constituído o Tribunal, este reunirse na sesión ou sesións non públicas que sexan necesarias para os efectos de valorar os méritos alegados e debidamente acreditados polas persoas aspirantes.

O resultado da valoración farase público, mediante a inserción do correspondente anuncio no taboleiro de anuncios electrónico do concello, dita publicación será anterior á realización do primeiro exercicio da fase de oposición.

A puntuación máxima desta fase será de **catro (4,00) puntos**.

Nesta fase valoraranse os méritos específicos adecuados ás características dos postos de traballo, segundo o seguinte: **BAREMO**



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

A) Experiencia Profesional: máximo 3,00 puntos.

Polo servizos prestados en espazos acuáticos naturais 0,20 puntos por mes.

Os servizos antes sinalados serán xustificados mediante informe de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e contratos de traballo especificando a categoría profesional e o tempo traballado, ou certificación de servizos prestados/certificado de empresa emitida pola entidade pública competente, no que se indique o posto ocupado e a duración da prestación do servizo. En ambos casos, reiterase, achegarase informe de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Para a acreditación dos servizos prestado no Concello de Malpica de Bergantiños bastará con que a persoa aspirante solicite inescusablemente e en escrito anexo á instancia para participar no procedemento selectivo que interesa se teñan en conta na avaliación de méritos da fase de concurso os servizos prestados no concello, incorporando a propia administración o informe/ certificado acreditativo ao expediente de selección.

Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes e os meses consideráranse de 30 días naturais. A puntuación reducirase proporcionalmente polos servizos prestados a tempo parcial, tendo a consideración de xornada completa 37,5 horas semanais.

B) Outros méritos: máxima 1,00 punto:

Estar en posesión do título de Patrón de Embarcacións de Recreo (PER): 1,00 punto.

Será preciso achegar, dentro do prazo de presentación de instancias, o diploma/título ou certificación correspondente.

Normas comúns á fase de concurso:

Os méritos valoraranse con referencia á data do peche do prazo de presentación de solicitudes de participación no procedemento.

Os méritos deberán ser alegados e acreditados coa solicitude de participación no proceso selectivo, en ningún caso se valorarán méritos non alegados na solicitude.

Para realizar as acreditacións as persoas aspirantes deberán ter en conta que os documentos acreditativos deben ser auténticos, estar validados ou cotexados.

2ª.- FASE DE OPOSICIÓN

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamamento único, sendo excluídas do proceso selectivo as que non comparezan, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

O lugar, data e hora de realización do primeiro exercicio de oposición serán determinados pola Alcaldía mediante resolución, xuntamente coa aprobación da listaxe definitiva de persoas admitidas. Non obstante, no caso de que, por circunstancias de forza maior, houbera que modificar o lugar, data ou hora sinalados inicialmente para a realización do mesmo o tribunal deberá publicar a dita modificación no taboleiro de anuncios electrónico do concello cando menos o día anterior ao previsto para a realización da proba. Este exercicio ademais poderá desenvolverse en varias sesións.

De ser necesaria, a orde de actuación das persoas aspirantes iniciárase alfabeticamente por aquelas cuxo primeiro apelido empece pola letra “F”, de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 21 de xaneiro de



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

2025 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 16 de data 24 de xaneiro de 2025). De non contar con persoas aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciarase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

Iniciado o proceso selectivo, a publicación dos sucesivos anuncios para a celebración das probas/exercicios restantes, así como a listaxe das persoas aprobadas en cada exercicio ou calquera outra actuación do tribunal cualificador levaranse a cabo unicamente a través do taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Malpica de Bergantiños (<https://sede.malpicadebergantinos.es/sxc/gl/informacion/>), medio exclusivo de notificación aos interesados de conformidade co previsto no artigo 45.1. b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, salvo que estas bases dispoñan expresamente o contrario. Non obstante, se se estimase oportuno poderán utilizarse ademais outros medios de publicación ou comunicación que se xulguen convenientes para facilitar a súa máxima divulgación.

Cando o tribunal o considere conveniente, poderá acordar a celebración de varios exercicios desta fase nunha mesma xornada, concedéndolles as persoas aspirantes un descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración deles, ou na xornada seguinte, deixando transcorrer un prazo mínimo de 12 horas. Nestes casos os correspondentes anuncios serán realizados *in voce*.

Os días de celebración dos exercicios do proceso selectivo as persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou de documento fidedigno que acredite a súa identidade e, tamén, dos medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles.

En calquera momento do proceso selectivo o tribunal poderá requirir ás persoas aspirantes para que acrediten a súa identidade.

A fase de oposición constará de tres (3) exercicios, de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistentes en superar as probas de aptitude física para comprobar a existencia da capacidade necesaria para as funcións que se van a realizar; coñecemento teórico e coñecemento mínimo de lingua galega.

Sempre que resulte posible garantirase o anonimato das persoas aspirantes na realización das diferentes probas que comportan o presente proceso de selección. Nestas probas, nas que se garanta o anonimato, o tribunal excluírá a aqueles candidatos/as en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.

Concluído cada un dos exercicios o tribunal fará pública, incluído o anuncio *in voce*, a relación de aspirantes que o superasen, indicando, no seu caso, a puntuación obtida. As persoas aspirantes non incluídas na listaxe terán a consideración de “non aptos”.

En todo caso, aínda cando se teña realizado o anuncio *in voce*, as cualificacións dos exercicios faranse públicas mediante a inserción do correspondente anuncio no taboleiro de anuncios electrónico do concello.

1.- PRIMEIRO EXERCICIO: De carácter obrigatorio e eliminatorio en cada unha das súas probas.

Consistirá na superación das seguintes PROBAS DE APTITUDE FÍSICA que serán as adecuadas para comprobar a existencia da capacidade necesaria para as función que se vaian a realizar, e cualificaranse de APTO E NON APTO:



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

COMBINADA: NATACIÓN, BUCEO E ARRASTRE

CARREIRA NA PRAIA

NATACIÓN EN AUGAS ABERTAS

O desenvolvemento dos exercicios A, B e C rexeranse polo Regulamento da Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia e celebráranse: A) en piscina e as B) e C) en praia.

A) COMBINADA: NATACIÓN, BUCEO E ARRASTRE

Consistirá na entrada a auga do aspirante ao estilo socorrista, é dicir sen afundir a cabeza, realizará 50 metros de nado libre, 15 metros de buceo con recollida de manequín no fondo da piscina, e realizará 35 metros de remolque de manequín sen afundilo nin que pase a auga por encima das súas vías respiratorias. O tempo máximo de realización desta proba será de 2 minutos 30 segundos.

Valorarase nesta proba: o tempo de realización que non sexa superior ao establecido, que se efectúen os 15 metros de buceo correctamente sen saír á superficie, e que remolquen o manequín sen afundilo.

B) CARREIRA NA PRAIA.

Consistirá en percorrer unha distancia de 800 metros nun tempo inferior 4 minutos e 15 segundos.

C) NATACIÓN EN AUGAS ABERTAS.

Consistirá en recorrer a nado unha distancia dende un punto do areal sinalado polo tribunal ata o lugar onde se atope unha boia de sinalización. Chegados ata esta, as persoas aspirantes virarana segundo as agullas do reloxo, deixándoa o seu costado dereito. O punto de saída e chegada establecerase polo tribunal cunha distancia á beiramar entre 5 m-15 m dependendo do perfil da praia e da situación da marea.

Dependendo do estado do mar, o Tribunal establecerá a distancia a percorrer así como o tempo máximo estimado para a realización da proba, podendo declarar o seu resultado unicamente como APTO/NON APTO.

Nesta proba os aspirantes poderán utilizar un traxe de neopreno de grosor non superior a 4 milímetros.

D) NORMAS COMÚNS A ESTA PIRMEIRA PROBA.

As persoas aspirantes que non realicen debidamente, en tempo e forma tódalas probas quedarán eliminados.

Todos as persoas aspirantes que logren APTO nas probas acadaran 3,5 puntos, podendo acadar un máximo de 5 puntos sumándolle a puntuación obtida polos mellores tempos nas probas cronometradas segundo se detalla na seguinte táboa:

	100 m. comb.	800 m. carr. praia	Natación augas abertas
1º mellor tempo	0,5 p.	0,5 p.	0,5 p.
2º mt	0,4 p.	0,4 p.	0,4 p.
3º mt	0,3 p.	0,3 p.	0,3 p.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

4º mt	0,2 p.	0,2 p.	0,2 p.
5º mt	0,1 p.	0,1 p.	0,1 p.

No caso de que dous ou máis persoas aspirantes marquen o mesmo tempo e orde de chegada outorgaráselle a puntuación que corresponda ao número de orde a todas a persoas aspirantes nos que concorra esta circunstancia.

Segundo o número de persoas aspirantes que concorran a realización destas probas, naquelas que se realicen ao aire libre, o Tribunal poderá dispoñer a súa realización en diversas quendas ou series.

2. SEGUNDO EJERCICIO: De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar, por escrito, no tempo máximo de corenta (40) minutos, a unha serie de vinte (20) preguntas tipo test sobre o contido especificado no Anexo II da convocatoria.

A proba cualificarase polo tribunal de cero (0) a cinco (5) puntos. Cada resposta correcta sumará 0,25 puntos. Cada resposta incorrecta restará 0,10 puntos. respostas en branco (non contestadas) nin suman/puntúan nin restan As persoas aspirantes que non acaden un mínimo 2,50 puntos serán excluídas do proceso selectivo.

3. TERCERO EJERCICIO: De carácter obrigatorio e eliminatorio. Cualificarase como apto ou non apto.

Proba de coñecemento da lingua galega.

Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas aspirantes que acrediten dentro do prazo de presentación de solicitudes estar en posesión do Celga 3 ou título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

Proba escrita que consistirá na tradución directa ou inversa dun ou varios textos, en castelán ou galego, nun tempo máximo de 30 minutos. Os textos serán elixidos polo tribunal inmediatamente antes da realización da proba.

Este exercicio será cualificado como APTO OU NON APTO, correspóndelle ao tribunal a fixación do nivel de coñecemento esixido para superar esta proba.

A cualificación como NON APTO supón a exclusión da persoa aspirante do proceso selectivo.

OITAVA. CUALIFICACIÓN/PUNTUACIÓN FINAL, RELACIÓN DE PERSOA/S APROBADA/S E PROPOSTA/S DE CONTRATACIÓN.

A puntuación final das probas selectivas, aos efectos de ordenación da/s persoa/s aspirante/s na relación de persoa/s aprobada/s, virá determinada pola suma total das cualificacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición.

De producirse empate na puntuación final, computadas as dúas fases, para dirimilo teranse en conta as puntuacións parciais acadadas no proceso selectivo, pola orde de preferencia seguinte: en primeiro lugar a puntuación total da segunda fase (oposición), e a continuación a da primeira (concurso), e de persistir o empate, decidírase mediante as



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

puntuacións (mellores tempos) obtidos nas probas físicas. Finalmente de persistir aínda así o empate resolverase por sorteo. O acto do sorteo terá carácter público.

Finalizadas as probas o tribunal proporá a contratación da persoa da persoa aspirante que obtivese a maior puntuación final (ou que, en caso de empate e trala aplicación do sistema de desempate sinalado no parágrafo anterior resultara primeira).

O tribunal non poderá declarar que superaron o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de postos convocados (un), polo que se declarará aprobada á persoa que obtivera a maior puntuación final (ou que, en caso de empate e trala aplicación do sistema de desempate resultara primeira).

Non obstante, na acta da última sesión do tribunal, incluírase unha relación complementaria, por orde de puntuación (e/ou tras a aplicación do sistema de desempate previsto na presente base), coas persoas aspirantes que superasen todas as probas do proceso selectivo e sigan á proposta, co fin de asegurar a cobertura da praza, cando se produzan renuncias das persoas seleccionadas antes de acordarse a contratación e/ou antes da formalización/firma do contrato de traballo, non acrediten os requisitos establecidos na convocatoria ou non formalicen/firmen o contrato de traballo. Esta relación, ademais, servirá para conformar a bolsa de emprego a que se refire a base décima das presentes.

O tribunal poderá declarar deserta o posto obxecto da presente convocatoria que non resulte cuberto á súa finalización por non superar o proceso selectivo ningunha persoa aspirante.

A puntuación final xunto coa proposta de contratación como persoal laboral fixo será publicada no taboleiro de anuncios electrónico do concello.

NOVENA. ACREDITACIÓN DE REQUISITOS E A CONTRATACIÓN

9.1.- A persoa aspirante proposta para a contratación deberá presentar dentro do prazo máximo de **dous (2) días hábiles** (a contar desde o día seguinte a aquel en que se fixo pública a proposta de contratación), os documentos acreditativos de reunir todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, así como toda a documentación requirida polo departamento de persoal co fin de efectuar a contratación e formalización/firma do contrato de traballo.

Así, pois, a documentación a presentar será necesariamente a que segue:

- Copia cotexada do DNI ou documento identificativo equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade da persoa aspirante.

Ademais, as persoas estranxeiras, salvo os nacionais dos estados membros da Unión Europea, deberán acompañar copia cotexada dos documentos que acrediten as condicións que se alegan/alegaron relativas ao requisito da nacionalidade.

- Copia cotexada do Documento que acredite a inscrición Rexistro profesional do persoal de socorrismo, información e primeiros auxilios de Galicia (sección: socorristas espazos acuáticos naturais). En defecto de inscrición copia cotexada da solicitude de inscrición no citado Rexistro Profesional e copia cotexada do documento acreditativo da formación mínima para o exercicio da actividade de socorrismo en espazos acuáticos naturais.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

- Copia cotexada do certificado CELGA 3 (ou superior) ou equivalente, no caso de non ter realizado a proba de coñecemento da lingua galega.
- Declaración de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso de persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente e non ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- Declaración de non estar incurso/a en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento de formalización/firma contrato de traballo.

Así mesmo, a persoa aspirante proposta deberá someterse a un recoñecemento médico obrigatorio que acredite que posúe as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas para o exercicio das funcións e tarefas da praza convocada. Recoñecemento médico que será realizado polo servizo de prevención externo do concello, sendo citada oportunamente a persoa aspirante para a realización do mesmo.

A persoa proposta para a contratación que fixese valer a súa condición de persoa con discapacidade na instancia, deberán acreditar a compatibilidade co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes.

Non poderán ser contratadas, quedando sen efectos as actuacións relativas a aquelas, as persoas que non acrediten os requisitos esixidos na convocatoria (incluído que o resultado do recoñecemento médico sexa “non apto”) ou que da consulta de datos ás Administracións Públicas se deduza que carecen dos devanditos requisitos, sen prexuízo da responsabilidade en que se podería ter incorrido por falsidade na solicitude de participación no procedemento. Nestes casos e, ademais, no de renuncia realizarase unha nova proposta de contratación a favor da/s seguinte/s persoa/s aspirante/s da relación complementaria á que se refire a base oitava das presentes.

9.2.- Concluído o proceso selectivo, a persoa aspirante que o superase (persoa aspirante proposta) e acredite en prazo, salvo causa de forza maior, o cumprimento dos requisitos esixidos nesta convocatoria, ou que da consulta dos datos das súas solicitudes ás Administracións Públicas resulte acreditado o cumprimento dos devanditos requisitos, será/n contratada/s pola alcaldía, o citado acordo de contratación será publicado no taboleiro de anuncios electrónico do concello e notificado ao aspirante.

A formalización/firma do contrato de traballo efectuarase na data que se sinale na resolución da alcaldía pola que se acorda a contratación; quen non formalice/firme o contrato de traballo na data indicada sen existir causa xustificada, que deberá ser alegada e aceptada pola administración, perderá todos os dereitos derivados da convocatoria.

Se, sen causa xustificada, non se formalizara/firmara o contrato de traballo no tempo sinalado no parágrafo anterior, entenderase que se renuncia ao posto e a contratación, realizándose unha nova proposta de contratación a favor da/s seguinte/s persoa/s aspirante/s da relación complementaria á que se refire a base oitava das presentes.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

Mentres non se formalice/firme o contrato de traballo non existirá dereito a percepción económica de ningunha clase.

DÉCIMA. BOLSA DE EMPREGO

10.1.-Finalidade, creación e prazo de vixencia.

Finalizado o proceso selectivo crearase unha bolsa de emprego á que se poderá acudir nas circunstancias previstas legalmente para o desempeño de funcións propias da praza que se convoca nas modalidades de contrato de traballo de duración determinada. En todo caso, a existencia da bolsa non implica a obriga do concello de acudir á mesma no caso de concorrer as circunstancias que habiliten para ilo.

Esta bolsa será creada/aprobada pola Alcaldía conforme á relación complementaria realizada polo tribunal, segundo se estableceu na base oitava. Polo tanto, quedará conformada polas persoas aspirantes que superasen todas as probas do proceso selectivo, sigan a/s persoa/s proposta/s para a contratación e por orde de puntuación (ou en caso de empate trala aplicación do sistema previsto na base oitava).

A Resolución da Alcaldía pola que se proceda a creación/aprobación da bolsa de emprego será publicada no taboleiro de anuncios electrónico do concello.

A bolsa terá vixencia ata o 31/12/2025. Non obstante, quedará extinguida automaticamente, antes da finalización de dito prazo de vixencia, coa aprobación doutra bolsa con obxecto e/ou características equivalentes á presente. Ademais, será causa de extinción da bolsa que todas as persoas integrantes da mesma non manifesten interese nunha oferta de emprego concreta ou presenten a súa renuncia.

10.2.- O/s chamamento/s, a contratación e a extinción do contrato de traballo.

As persoas integrantes da bolsa poderán ser chamadas (sempre respectando a orde da listaxe), nas circunstancias previstas legalmente para o desempeño de funcións propias do posto que se convoca nas modalidades de contrato de traballo de duración determinada.

Unha vez detectada a situación de necesidade para a cobertura temporal, e tramitado o correspondente expediente no que se acreditará o cumprimento das circunstancias esixidas legalmente para proceder a contratación, así como a existencia de crédito orzamentario, a Alcaldía procederá ao chamamento sucesivo das persoas aspirantes por orde de listaxe, debendo as persoas interesadas manifestar o seu interese por escrito no prazo máximo improrrogable de dous días hábiles dende a notificación da oferta por parte do Concello de Malpica de Bergantiños, transcorrido o cal entenderase que renuncia e pasarase ao chamamento do seguinte da lista.

A notificación practicarase exclusivamente mediante a publicación da oferta no taboleiro de anuncios electrónico do concello, sen prexuízo de que se intente proceder a contactar coa persoa aspirante por vía telefónica polo menos dúas veces en horas distintas (diferenza de 3 horas) en horario de mañá, de 9:00 a 14:00 horas, do cal quedará a debida constancia no expediente mediante informe emitido polo empregado público que realice os intentos.

No caso de manifestar a persoa aspirante o seu interese en ser contratada (aceptación da oferta), achegará no prazo máximo de tres (3) días naturais, contados a partir de manifestar a súa aceptación ao chamamento, os documentos acreditativos de reunir todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, así como toda a documentación



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

requirida polo departamento de persoal co fin de efectuar a contratación e formalización/firma do contrato de traballo, documentos que se relacionan na base novena.

Así mesmo, a persoa aspirante deberá realizar un recoñecemento médico obrigatorio que acredite que posúe as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas para o exercicio das funcións e tarefas do posto. Recoñecemento médico que será realizado polo servizo de prevención externo do concello, sendo citada oportunamente a persoa aspirante para a realización do mesmo.

A non presentación pola persoa aspirante dentro do prazo fixado da documentación esixida ou cando do exame da mesma dedúzase que se carecen dalgún dos requisitos sinalados nas presentes bases e/ou o non sometemento ao recoñecemento médico e/ou a non superación do mesmo suporá que a persoa aspirante non poderá ser contratada. Nestes casos procederase ao chamamento da persoa que figure na seguinte posición da listaxe procedéndose da mesma forma sinalada.

Presentada pola persoa aspirante dentro do prazo fixado a documentación esixida e acreditado o cumprimento dos requisitos sinalados nas presentes procederase, pola Alcaldía, á contratación na modalidade de contrato de traballo de duración determinada que corresponda.

A citada resolución de contratación deberá ser notificado a persoa interesada, a cal deberá formalizar/asinar o contrato de traballo dentro do prazo máximo de tres (3) días hábiles, contados desde a data de notificación, tendo en conta que dita contratación realizarase con carácter de *interinidade/temporalidade* vinculado á circunstancia que deu lugar ao seu chamamento.

A resolución da contratación será publicada no taboleiro de anuncios electrónico do concello co réxime de recursos que proceda.

Será causa de extinción do contrato de traballo a concorrencia de calquera das causas previstas pola normativa vixente.

10.3- Causas que motivan pasar a ocupar a última posición da bolsa e causas de exclusión da bolsa.

10.3.1.- Causas que motivan pasar a ocupar última posición da bolsa:

- Non aceptar (renunciar) ou non responder dentro do prazo fixado, tras a realización dunha oferta/chamamento, salvo causa/s e/ou situación/s xustificada/s acreditada/s documentalmente.
- Renunciar á condición de persoal laboral derivada da aplicación/execución das presentes bases.
- Agás os casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente polo concello, a non presentación pola persoa aspirante dentro do prazo fixado da documentación esixida na base novena tras manifestar o seu interese en ser contratada (aceptación da oferta).

Considéranse causas e/ou situacións xustificadas para non aceptar (renunciar) ou non responder dentro do prazo fixado, tras a realización dunha oferta/chamamento as seguintes:

- Ser beneficiario/a dunha prestación recoñecida pola Seguridade Social.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

- Estar en situación de incapacidade temporal por continxencias comúns ou profesionais.
- Estar en situación de servizo activo nas administracións públicas.
- Estar en situación de servizos especiais contemplados pola normativa vixente.
- Ter vixente un contrato de traballo no sector público ou no sector privado ou exercer como autónomo.
- Maternidade, paternidade, acollemento ou adopción legal, durante o período de duración do correspondente permiso e/ou licenza ou o período equivalente no caso de persoas desempregadas que se atopen en situacións similares.
- Coidado directo de menores de 0 a 3 anos ou familiares ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, por razón de idade, enfermidade ou accidente, sempre que se acredite a situación de dependencia ou a necesidade de asistencia por outra persoa.
- Calquera outra circunstancia análoga ás anteriores e/ou de carácter excepcional e/ou extraordinario debidamente apreciada.

As citada causas e/ou situacións para ser apreciadas deberán ser acreditadas documentalmente, sendo o prazo para ilo de dez (10) días hábiles a contar desde o chamamento.

10.3.2.- Causas de exclusión da bolsa:

- Carecer en calquera momento durante o prazo de vixencia da bolsa dos requisitos esixidos na base terceira.
- Agás os casos de forza maior debidamente xustificados e apreciados discrecionalmente polo concello, non someterse ao recoñecemento médico obrigatorio que acredite que a persoa aspirante posúe as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas para o exercicio das funcións e tarefas da praza tras manifestar o seu interese en ser contratada (aceptación da oferta).
- Non formalizar/firmar o contrato de traballo tras acordarse a correspondente contratación, agás os casos de forza maior debidamente xustificados e apreciados discrecionalmente polo concello.
- Incurrir dúas veces nalgún dos supostos que implique pasar a última posición da bolsa.
- A renuncia a integrar a bolsa.

10.4.- Outras cuestións relativas ao funcionamento da bolsa.

Finalizada a relación laboral recuperárase/manterase a posición na listaxe/bolsa cando dita finalización se produza por algunha das seguintes causas: pola expiración do tempo convido no contrato e/ou pola finalización/desaparición da causa que deu orixe á contratación.

Manterase a posición na listaxe/bolsa cando non se acepte (se renuncie) ou non se responda dentro do prazo fixado, tras a realización dunha oferta/chamamento sempre que concorran causa/s e/ou situación/s xustificada/s acreditada/s documentalmente.

UNDÉCIMA.-PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

1.- O tratamento dos datos persoais facilitados se axustará ao establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (en diante, Regulamento xeral de protección de datos) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, Lei Orgánica 3/2018).

2.- De conformidade co establecido no art. 6.1 c) do Regulamento xeral de protección de datos e o artigo 8.1 da Lei Orgánica 3/2018, o tratamento dos datos persoais queda lexitimado polo cumprimento dunha obriga legal (normativa de acceso ao emprego público).

Cando sexa preciso publicar un acto administrativo que conteña datos persoais, publicarase conforme ao previsto na disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018.

No marco da vixente normativa de protección de datos, os datos serán obxecto de tratamento polo Concello de Malpica de Bergantiños coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento, o desenvolvemento do proceso selectivo, sendo, pois, o seu cumprimento obrigatorio para a admisión na presente convocatoria.

3.- Os titulares dos datos poderán exercer o dereito de acceso, rectificación, limitación, supresión, portabilidade e oposición nos termos establecidos na normativa vixente.

DUODÉCIMA.-RECURSOS

Contra a resolución de alcaldía que aprobe as presentes bases, que é definitiva na vía administrativa, poderá interpoñerse a correspondente demanda perante os Xulgados do Social de A Coruña, no prazo de dous (2) meses contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, segundo o artigo 69 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da Xurisdición Social. Iso, sen prexuízo de exercitar calquera outro que se estime procedente.

As solicitudes de revisión de exame que poidan presentarse polas persoas aspirantes serán consideradas como solicitudes de acceso ao expediente ao abeiro do previsto no art. 53.1 a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sendo a única obriga para o Tribunal a de expoñer os criterios técnicos xerais que se tiveron en conta para outorgar as puntuacións.

De conformidade co nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os acordos, actas e valoracións realizadas polo Tribunal de Selección poderán ser recorridos en de alzada. O recurso de alzada poderá interpoñerse ante o Tribunal Cualificador ou ante a Alcaldía (esta última órgano competente para a súa resolución). O prazo para interposición do recurso será dun (1) mes a contar desde o día seguinte á publicación ou notificación do acordo. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de tres (3) meses. Transcorrido este prazo sen que recaía resolución, poderase entender desestimado o recurso.

DÉCIMO TERCEIRA. NOVA/S CONVOCATORIA/S

No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non o superar ningunha persoa aspirante ou por non presentarse ningunha persoa ao proceso, a alcaldía queda



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

autorizada a convocalo novamente cantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

ANEXO I. - MODELO DE INSTANCIA.

APELIDOS	
NOME	
DNI	
DATA DE NACEMENTO	
NACIONALIDADE	
ENDEREZO POSTAL vía, número, piso, código postal, concello, provincia	
ENDEREZO ELECTRÓNICO	
TELÉFONO	

EXPOÑO:

I.- Que desexo participar no proceso selectivo **CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN (1) SOCORRISTA PARA A UNIDADE DE SOCORRISMO ACUÁTICO QUE PRESTARÁ O SERVIZO DE SOCORRISMO EN PRAIAS, A REALIZAR NA PRAIA AREA MAIOR E CANIDO DO CONCELLO. (ANO 2025).**

II. Que declaro, baixo a miña responsabilidade, reunir todos os requisitos esixidos para poder participar do antedito proceso selectivo (referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación desta solicitude), segundo o previsto nas súas bases reguladoras, que coñezo e acepto; declarando, asemade, a veracidade do que aquí expoño, así como dos datos que figuran nesta instancia, comprométome a xustificalo documentalmente cando así sexa requirido, e nos termos do disposto nas propias bases reguladoras.

Polo exposto, **SOLICITO:**

Ser admitido/a no dito proceso selectivo; achegando, para estes efectos, e con arranxo ao disposto nas bases de selección, a seguinte documentación:

- ☐ Copia do DNI ou documento identificador equivalente.
 - ☐ No caso de persoas aspirantes estranxeiras, salvo os nacionais dos estados membros da Unión Europea, documentación esixida na base terceira e cuarta.
- ☐ Documento que acredite a inscrición no Rexistro profesional do persoal de socorrismo, información e primeiros auxilios de Galicia (sección: socorristas espazos acuáticos naturais)



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

- ☐ Copia do certificado CELGA 3 (ou superior) ou equivalente, debidamente homologado de acordo coa normativa de aplicación, a efectos da exención da proba de lingua galega.
- ☐ Xustificante de pagamento da taxa.
- ☐ Declaración responsable (Anexo III)
- ☐ Solicitude de expedición de certificado de servizos prestados no Concello de Malpica de Bergantiños.
- ☐ Como aspirante coa condición legal de persoa con discapacidade achego certificación, documentación acreditativa de dita condición e aos efectos, do previsto nas bases da convocatoria.
 - ☐ Solicito adaptación/axustes para o desenvolvemento do proceso selectivo.
 - ☐ Achego xunto con esta instancia necesidades específicas de adaptación/axustes solicitadas.
- ☐ Idioma do exercicios de oposición (marque unha opción):
 - ☐ Castelán.
 - ☐ Galego.

INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos persoais, informámoslle que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, con dirección Avda. Emilio González López, núm. 1, 15113- Malpica de Bergantiños.

De conformidade co establecido no art. 6.1 c) do Regulamento xeral de protección de datos e o artigo 8.1 da Lei Orgánica 3/2018, o tratamento dos datos persoais queda lexitimado polo cumprimento dunha obriga legal (normativa de acceso ao emprego público).

Cando sexa preciso publicar un acto administrativo que conteña datos persoais, publicarase conforme ao previsto na disposición adicional sétima da Lei Orgánica 3/2018.

No marco da vixente normativa de protección de datos, os datos serán obxecto de tratamento polo Concello de Malpica de Bergantiños coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento, o desenvolvemento do proceso selectivo, sendo, pois, o seu cumprimento obrigatorio para a admisión na presente convocatoria.

Os titulares dos datos poderán exercer o dereito de acceso, rectificación, limitación, supresión, portabilidade e oposición nos termos establecidos na normativa vixente. Para elo, CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Lugar e data

Asdo.....

Á ALCALDÍA-PRESIDENCIA DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

ANEXO II: TEMARIO

- Tema 1.- Anatomía e fisioloxía. Conceptos xerais. Sistemas e aparatos
- Tema 2.- Socorrismo. Principios xerais.
- Tema 3.- Reanimación cardiopulmonar.
- Tema 4.- Traumatismos. Lesións e contusións.
- Tema 5.- Feridas. Hemorraxias.
- Tema 6.- *Shock*. Cadros convulsivos.
- Tema 7.- Queimaduras. Trastornos térmicos.
- Tema 8.- Intoxicacións.
- Tema 9.- Picaduras e mordeduras.
- Tema 10.- Accidentes acuáticos.
- Tema 11.- Plan de autoprotección.
- Tema 12.- Plan de actuación en zonas de baño.
- Tema 13.- Salvamento e socorrismo acuático profesional.
- Tema 14.- Praias e augas oceánicas e continentais.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

ANEXO III: DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/Dª _____, con DNI _____.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE:

Reúno as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para a realización das probas de aptitude física previstas como primeiro exercicio da fase de oposición no procedemento de selección convocado para a contratación laboral temporal dun (1) socorrista para a unidade de socorrismo acuático que prestará o servizo de socorrismo en praias a realizar na praia Area Maior e Canido do concello. (ano 2025).

En _____ a _____ de _____ de 2025

(sinatura do interesado)



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

**Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente
O alcalde,**

Asd.: Eduardo J. Parga Veiga